



IES Pino Manso

## ELECCIÓN CONSELLO ESCOLAR 2024

### CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

De conformidade co establecido na Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións dos membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 18 de setembro de 2024), realizarase proximamente neste centro a renovación do CONSELLO ESCOLAR que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos do instituto.

A organización e a supervisión do procedemento de elección dos novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e integrada por:

- A directora do centro
- Un profesor o u profesora
- Un pai ou nai ou titor legal
- Un alumno ou alumna
- Un representante do persoal de administración e servizos

Os tres últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrárase neste centro o día 18 de outubro de 2024, venres, ás 10:25 horas.

Aqueles membros da comunidade educativa que desexen presentar a súa candidatura para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas convocatorias que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral do centro.

O Porriño, 16 de outubro de 2024

S. Paula Lorenzo Sertaje  
Vicedirectora

